



O actor Gabino Diego abre o xoves as actuacións do segundo cuadrimestre

EXTENSIÓN CULTURAL CONSOLIDA A SÚA PROGRAMACIÓN ALTERNATIVA NO CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO

O festival de danza ALT.07 chega ao Teatro Cidade Universitaria con Los Corderos e a música tradicional no marco do Circuito 4x4

Vigo, 27 de febreiro de 2007.- Un cuadrimestre máis a Universidade de Vigo, a través da súa Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes, aposta polo equilibrio entre vangarda e tradición na súa programación cultural. Música en directo, teatro, danza e animación ao aire libre conforman o ciclo, que se desenvolverá ata o mes de maio no campus universitario de Vigo. Artistas locais, españois e internacionais forman o programa, co que a Universidade oferta ocio e cultura de calidade para os estudantes.

Como gran novidade destaca a inclusión da Universidade dentro da programación do **ALT.07**, o Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo, organizado polo Concello. Así, o vindeiro 8 de marzo o grupo catalán **Los Corderos** porá en escena, no Teatro Cidade Universitaria, o seu impactante espectáculo “Crónica de José Agarrotado (menudo hijo de puta)”, no que misturan teatro e danza. Unha obra enérxica e física, cos problemas da convivencia como punto de partida. A outra novidade é a incorporación da Universidade ao **Circuíto 4x4**, un programa da Consellería de Cultura para o fomento da música tradicional e os novos grupos folk que están a xurdir na nosa comunidade. Nesta ocasión actuarán **Os Carunchos y Ruote**.

Pero a programación deste segundo cuadrimestre tamén conta coa presenza de rostros consolidados e aclamados polo gran público. É o caso do actor **Gabino Diego**, encargado de inaugurar o ciclo o vindeiro xoves co seu espectáculo “Una noche con Gabino”. O protagonista de films como “Belle Epoque” ou “Torrente 2: Misión en Marbella” canta, toca a guitarra e paródíase así mesmo nesta peza humorística que encheu teatros en toda España.

Por outra parte, os populares **Mofa e Befá** porán acento galego ás representacións teatrais. Con “Sempre ao lonxe”, o trío fai unha análise da



fauna humana e as especies que a compoñen. No fondo de todo, a exaltación das diferencias e a eliminación dos prexuízos.

Haberá presenza galega tamén no ciclo de espectáculos na rúa, que se desenvolverán de novo no Centro Comercial despois do éxito acadado en anteriores edicións. **Peter Punk**, un dos mellores representantes da nova escola galega, recorrerá co seu monociclo todo o recinto. E máis risas e bromas cos andaluces **Hermanos Inconfundibles**, **Manolo Carambolas**, o catalán **Alex Navarro** ou arxentino **Nino Costrini**.

Música independente

Os concertos da Vicerreitoría de Extensión Cultural son sempre unha aposta polos sons independentes e alternativos. O mellor exemplo é a actuación de **La Habitación Roja**. Os valencianos, con máis de dez anos na estrada, chegan ao Teatro Cidade Universitaria cun novo disco, “Cuando ya no quede nada”, no que queda patente a súa evolución cara a guitarras máis duras e letras cheas de pesimismo existencial.

Os ávidos de novas experiencias musicais resarciranse co cartel do **Sonora07**, sempre á vangarda musical. Os concertos terán lugar o 11 e o 12 de abril, en sesión dobre cada xornada. O vigués afincado en Barcelona **Abraham Boba** e **Micah P. Himson**, de Texas, abrirán o festival. O músico estadounidense é o artista que máis está a crecer dentro do panorama folk-blues internacional. Os ingleses **The Wave Pictures** e o ex Hefner **Darren Hayman**, un dos máis aclamados nomes da escena *indie* británica, serán os encargados de pechalo.

Programación

DÍA/HORA	ACTUACIÓN	CATEGORÍA	LUGAR
1 de marzo. 18,30 horas	Gabino Diego <i>Una noche con Gabino</i>	Teatro	Teatro Cidade Universitaria
7 de marzo. 14,00 horas	Niño Costrini	Teatro-danza	Centro Comercial
8 de marzo. 18,30 horas	Los Corderos S.C. <i>Crónica de José Agarrotado</i>	Teatro	Teatro Cidade Universitaria
14 de marzo. 18,30 horas	La Habitación Roja	Música	Teatro Cidade Universitaria
15 de marzo. 14,00 horas	Manolo Carambolas <i>OElectricckmin</i>	Teatro	Centro Comercial
21 de marzo. 18,30 horas	Mofa e Befá <i>Sempre ao lonxe- Galicia</i>	Teatro	Teatro da Cidade Universitaria
22 de marzo. 14,00 horas	Hermanos Inconfundibles <i>Metal Diábolo Show</i>	Teatro	Centro Comercial
11 de abril. 17,30 horas	Sonora07 <i>Abraham Boba + Micah P. Hinson</i>	Música	Teatro da Cidade Universitaria
12 de abril. 17,30 horas	Sonora07 Wave Pictures+D. Hayman & band	Música	Teatro da Cidade Universitaria
25 de abril. 14,00 horas	Peter Punk	Teatro	Centro Comercial
26 de abril 18,30 horas	Os Carunchos <i>(Circuito 4x4)</i>	Música	Teatro Cidade Universitaria
3 de maio. 14,00 horas	Alex Navarro <i>L'Home xoc</i>	Teatro	Centro Comercial
10 de maio. 18,30 horas	Ruote <i>(Circuito 4x4)</i>	Música	Teatro Cidade Universitaria



PROGRAMACIÓN MUSICAL

Marzo-abril-maio 2007

La Habitación Roja (Valencia)

14 de marzo

Teatro Cidade Universitaria de Vigo (18:30 h.)

La Habitación Roja é todo un clásico do panorama alternativo español despois de máis de dez anos de carreira. Grupo de esencia pop, chegou ao seu actual status de “banda referente” sen présa pero non con poucas dificultades. Un percorrido a paso firme baseado na paixón que lle transmitían os seus fans. O vindeiro 14 de marzo presentarán no Teatro da Cidade Universitaria os temas do seu último disco, “Cuando ya no quede nada”, que verá a luz a finais do mes de abril.



La Habitación Roja naceu a principios do 95 na localidade valenciana de L’Elia. Desde entón, non pararon de medrar, musical e persoalmente. Despois de varios discos cun selo independente, no 2005 editan “Nuevos Tempos” ao amparo de Mushroom Pillow, un dos seu traballos máis celebrados. Nesta nova etapa, o grupo endureceu o seu son. Máis guitarras e un ton moito máis amargo nas súas letras, para seguir reflectindo un universo cheo de escepticismo.

Co seu sexto e por agora máis recente disco repiten con Chicago, a cidade, e co produtor Steve Albine, nunha continuación da súa obra do 2005. A finais de 2006 os catro valencianos trasladáronse á cidade estadounidense para traballar de novo co artífice do son de Nirvana, The Stooges e mil bandas máis. Pero nunha reinvención continua falan de novas e refrescantes achegas ao seu son. Porque con “Cuando ya no quede nada” non deixan de experimentar e traballar con xente de prestixio en lugares míticos da historia do pop. Así, este larga duración foi masterizado nos estudos

londinienses de Abbey Road por Steve Rooke, que xa deixou a súa pegada nas produccions de Franz Ferdinand, Wilco ou mesmo New Order.

Ciclo Sonora07

Abraham Boba (Vigo)

11 de abril

Teatro Cidade Universitaria (17:30 h.)

Enigmático personaxe, cheo de clase e sempre cun caderno de notas baixo o brazo. Pianista, *crooner* e compositor, Boba segue a senda de históricos coma Nick Cave, Sergei Gainsbourg ou Leonard Cohen. E pouco sabemos máis coñecemos deste vigués afincado en Barcelona.



Do que si hai certeza é de que o seu futuro é brillante, tal e coma evidencia o seu primeiro e homónimo primeiro disco.

Micah P. Hinson (Texas, USA)

11 de abril

Teatro Cidade Universitaria (19:00 h.)

Hai tres anos que o estadounidense Micah P. Hinson deixou o mundo do



skate para pasar a ser a verdadeira revelación musical do 2004 con “Micah P. Hinson and The Gospel of Progress”. Entón, pasou a encabezar as listas do mellor do ano de diferentes publicacións, entre elas “The Independent” o “Time Out”. E xa non parou. Comeza a tocar con Iron & Wine, The Earlis, Devendra, Banhart e Emog. Cunha voz

gretada e particular, Hinson consegue crear atmosferas sonoras íntimas e cálidas, onde as súas letras chegan á plenitude.

The Wave Pictures (Wyneswold, UK)

12 de abril

Teatro Cidade Universitaria (17:30 h.)



O seu nome inicial foi “Blind Summit”, pero xa ninguén os coñece por ese nome. The Wave Pictures é un trío da localidade británica de Wyneswold, que durante durante os seus comezos percorreu toda a xeografía das illas. Agora a cosa xa cambiou. Atravesaron a Canle da Mancha ata chegar a Francia e tamén cruzaron o Atlántico, rumbo EE.UU. Nos últimos tempos foron o grupo de apoio da bando de John Darnielle, The Mountain Gotas. E como resultado, un EP que presentarán en directo no Campus de Vigo.

Darren Hayman & Band (Essex, UK)

12 de abril

Teatro da Cidade Universitaria (19:00 h.)

Houbo un tempo no que Darren Hayman era o líder dunha banda de pop electrónico que chegou lonxe: The French. Agora, utiliza o seu nome para seguir facendo basicamente o mesmo: o que lle da a gana. O raro, o freak. Hayman é capaz de presentarse nun escenario co único acompañamento dun ukelele e dun piano de xoguete. A Vigo chegará cunha banda, pero de seguro que sorprenderá a todos.



Circuíto 4x4

A programación cultural da Universidade de Vigo tamén ten en conta a música tradicional galega, e será sede de dous concertos do Circuíto 4x4, programa da Consellería de Cultura e Deporte para o fomento dos sons galegos. As citas, no Teatro da Universidade son os días 26 de abril e o 10 de maio.

Os Carunchos (Vigo)

26 de abril

Teatro Cidade Universitaria (18:30 h.)

No seu terceiro traballo discográfico apostan de novo pola nosa cultura, facendo un disco fresco e cheo de ritmo. Os Carunchos son especialistas en rescatar vellas cantigas da tradición oral ao tempo que logran incluír novas composicións ao xa extenso repertorio da música galega. Un directo cheo de forza folk, variedade de timbres e moito sabor galego.



Ruote (A Coruña)

10 de maio

Teatro Cidade Universitaria (18:30 h.)

O colectivo de música tradicional Ruote nace no ano 1996 partindo da base dun grupo de recolección etnográfica que leva traballando desde comezos dos 90. Formado por seis persoas, móstranos un repertorio representativo das catro provincias galegas. Para iso emprega unha variada instrumentación: gaita, diatónico, tambor, bombo con pratos, pandeireta, etc.

Os timbres vogais, tanto masculinos como femininos fan que os nosos sentidos viaxen polos camiños do enxebre.



TEATRO
Marzo



Gabino Diego (Madrid)

Una noche con Gabino

1 de marzo

Teatro Cidade Universitaria (18:30 h.)

Gabino Diego (Madrid, 1966), buscando o fío condutor do seu espectáculo, fala de éxitos e fracasos en “Una noche con Gabino”. A peza, que abre a programación cultural da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre, leva percorrido boa parte da xeografía nacional desde hai anos, coa única presenza do feo do cine español por antonomasia enriba do escenario. Será o 1 de marzo no Teatro da Cidade Universitaria de Vigo.



Gabino canta, toca a guitarra e fala ser parar. E así lévanos de paseo por un mundo de ionquis, pícaros, perdedores e triunfadores. Algúns deles moi coñecidos polo gran público, xa que foi o propio Diego o encargado de dalos a coñecer ao longo da súa traxectoria profesional. É o que ten levar máis de 20 anos de carreira e ter participado nalgún dos longametraxes máis populares do cinema español nas últimas décadas. Do Oscar de “Belle Époque” ao humor máis cañí con “Torrente 2: misión en Marbella”.

Gabino esperta ternura e transmite docilidade, para roubar unha e outra vez gargalladas a base de rirse de el mesmo. Non é esa a mellor terapia?

Los Corderos S.C. (Barcelona)

Crónica de José Agarrotado (menudo hijo de puta)

8 de marzo

Teatro Cidade Universitaria (18:30 h.)

A Universidade súmase á programación do Festival de Danza Alt07 co espectáculo de Los Corderos. En “Crónica de José Agarrotado (menudo hijo de puta)”, esta parella de cataláns poñen en escena un absurdo elaborado pero cotián, con base tanto física como conceptual, fresco e risoño, pero nunca gratuito. A cita é o 8 de marzo.

Danza ou teatro? Los Cordores fan uso do seu corpo e o seu movemento como fio condutor dun mundo propio, con leis propias. Unha experiencia visual e sensorial que non deixa de ser pretexto para dar conta dunha vontade de convivencia nos termos máis xerais, e as súas particularidades imposibles, co derrubamento de todo o creado.

Nunca pensaches que matar ao teu alter ego podería axudarte a soportar mellor a vida?. É basicamente, unha cita sen saída con alguén tan próximo a ti que ben podería ser a túa parella ou ti mesmo.



Mofa e Befá (Galicia)

Sempre ao lonxe

21 de marzo

Teatro Cidade Universitaria (18:30 h.)

Unha reflexión sobre a “fauna” humana e as distintas “especies” que a compoñen. “Sempre ao lonxe” é a última proposta do grupo de teatro galego Mofa e Befá, creado en 1992.

Desde unha perspectiva didáctica e científica a obra é un asalto aos prexuízos cos que xulgamos aos que son distintos a nós, ou se comportan dun modo singular. E por outra banda é un canto á liberdade de ser e expresarse como un desexa e non como marcan os canons sociais.

Mofa e Befá reutilizan de novo o seu humor acedo para facernos reflexionar sobre a convivencia, a sociedade e en definitiva os medos a ser libre e as ataduras ás que nos vemos suxeitos no corsé das relacións sociais.



Nesta nova proposta, Evaristo Calvo e Vítor Mosqueira vense moito máis arroupados pola música de Piti Sanz, que ten unha maior presenza ca en espectáculos anteriores, con diversas cancións e músicas ao longo do show.

Teatro na rúa

Niño Costrini (Argentina)

7 de marzo

Centro Comercial (14:00 h.)

Un provocador nato que fai da ironía e o fino sarcasmo o seu medio de expresión, e da risa o seu traballo. O espectáculo combina humor, circo e destreza física a partes iguais, reservando un oco para a reflexión disfrazada de broma.



Costrini é un neno grande, algo esquizofrénico, extravagante, absurdo, traveso e lunático. E sen pelos na lingua. Un espectáculo de idioma universal no que o público xoga un papel fundamental e que foi premiado en numerosos certames internacionais.

Manolo Carambolas (Andalucía)

OElectricmin

15 de marzo

Centro Comercial (14:00 h.)



Un dandi? Un campión? Xogador de billar ou de fútbol? Cómico ou malabarista? É Manolo Carambolas, de inefables xogos malabares, infalible sobre a súa particular mesa de billar invisible da que o espectador non quita a vista. Carambolas ofrece preto dunha hora de espectáculo de mimo, clown e malabares, usando elementos de break dance, paus de billar, un balón de fútbol e algunha sorpresa máis. Unha proposta innovadora e moi orixinal.

Hermanos Inconfundibles (Andalucía)

Metal Diabólico Show

22 de marzo

Centro Comercial (14:00 h.)

Só dous anos de traxectoria, e todo un nome no circuío clown. Esta compañía formada por dous irmáns andaluces pasaron de adaptar unha pequena actuación para a gala dunha xuntanza de malabaristas a pasear o seu número de rúa por diversos festivais da península e de Italia.

En Metal Diabólico Show gozamos de música, circo e humor. Man de santo contra as preocupacións. Facendo chiscas a diferentes estilos



(flamencos, clásicos e rock) os seus protagonistas combinan un elevado nivel técnico co diábolo e refinados gustos musicais.

Peter Punk (Galicia)

25 de abril

Centro Comercial (14:00 h.)

Peter Punk é o alter ego de Isaac Rodríguez, un paraíso enxeñoso e malabarista. Combina o circo e a destreza cos malabares nun espectáculo 100% intuitivo, onde o público toma parte desde o primeiro segundo. Bolas, mazas, monociclo e globoflexia para arrancar sorrisos.



Peter Punk percorrerás as rúas enriba do seu monociclo anunciando a chegada do seu circo ao campus. Punk introdúcenos no seu particular universo da gargallada sen deixar camiño ao aburrimento. Un dos mellores representantes da nova escola galega.

Alex Navarro (Barcelona)

L'home xoc

3 de maio

Centro Comercial (14:00 h.)

A pouco que te descoides, Alex Navarro roubarache a identidade ou usurpará un instante da túa vida para devolvercho antes de que o reclames. Navarro é un pallaso urbano, libre e curtido ao aire libre que incorpora ao seu repertorio os agasallos do azar rueiro, interactuando sen tregua co medio.



Para más información: Ana B. Gómez e Daniel Rivera

Ábano, Estrategias para la Comunicación, Tfno. 986 44 71 66; MÓVIL 636 252 109

E-mail: abgomez@abano.es

